

Visita de Nee Barros Fernández. 18 de maio de 2022



Proximanamente vaines visitar **Nee Barros Fernández**, escritor e youtubeiro, moi activo nas redes sociais como @neumatiko e a quen podesdes coñecer máis se escoitades este vídeo ou seguindo a súa canle de [Youtube neumatiko](#).

Nee Barros dedícase a crear contidos en galego para comunicar na Internet e ten varias vías de actuación, desde a poesía á música (toca nun grupo que se chama Froalla), divulgación de contidos de Lingua e Literatura Galega (resumos de apuntamentos para as ABAU, recomendacións de libros, binormativismo da lingua...) e temática LGTBIQ+.

Convidámolo a vir para ter un encontro coas persoas que formamos parte do **Club de lectura sobre Feminismo, igualdade e identidade** que botou a andar este curso na nosa biblioteca. Reunímonos algúns martes na biblioteca para poñer en común lecturas de textos variados, análise de noticias ou o que xurda sempre relacionados con esta temática.

Unha das obras que lemos e comentamos é **Identidade**, unha obra de teatro publicada en Galaxia, cando o autor tiña 18 anos, pero que xa escribira con 14, procurando darlle referentes ás persoas que tiveren problema coa súa identidade. A obra trata da transexualidade e faino desde un punto de vista moi persoal, o de Zé, o protagonista, que presenta como reacciona o seu medio ante a súa transición e a súa identidade. Está escrita cunha linguaxe directa, facilmente comprensible por calquera lector ou lectora e dirixido especialmente á xente moza para que saiban como actuar, como non ter medo a defender as causas xustas e acompañar a quen precise pasar por esta situación.

Despois do encontro co Club de lectura, daranos **unha charla a todo o alumnado** e profesorado que queira asistir para aprender máis sobre o xénero e o sexo, sobre o corpo e a identidade, sobre o significado de ser trans-, sobre a homosexualidade... e todas as temáticas recollidas no concepto LGTBI+.

Estas actividades vanse realizar o mércores 18 de maio no contexto das Xornadas Culturais do IES Lamas de Castelo nas dúas últimas sesións da mañá no Salón de plenos do Concello de Carnota, a quen lle agradecemos o permiso para usar o local.